Provincia: Pontevedra	
Sanxenxo	21.516
Tomiño	1.500
Total	238.000

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2009.

José Norberto Uzal Tresandí
Director xeral de Administración Local

Resolución do 1 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 29 de decembro de 2008, pola que se anuncian axudas económicas destinadas ao fomento do asociacionismo municipal a través de mancomunidades de municipios, áreas metropolitanas e consorcios.

De conformidade co disposto no artigo 18.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procédese á publicación das subvencións concedidas por resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Finalidade da axuda: gastos de funcionamento das mancomunidades de municipios, áreas metropolitanas e consorcios locais ou os gastos referidos á prestación de servizos de carácter obrigatorio para os municipios asociados.

Norma reguladora: Orde do 29 de decembro de 2008, pola que se anuncian axudas económicas destinadas ao fomento do asociacionismo municipal, a través de mancomunidades de municipios, áreas metropolitanas e consorcios (DOG nº 2, do 5 de xaneiro de 2009).

Crédito orzamentario: 134.950 euros con cargo á aplicación orzamentaria 06.08.141.A.460.1 do exercicio 2009.

Entidades beneficiarias e importes concedidos:

Entidade	Contía
Mancomunidade Terras de Deza	15.450 €
Consorcio As Mariñas	13.000 €
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo	12.000 €
Mancomunidade do Salnés	11.750 €
Mancomunidade da Comarca de Ourense	11.500 €
Mancomunidade dos concellos do Carballiño	11.250 €
Mancomunidade de municipios Comarca de Verín	11.000 €
Mancomunidade do Ribeiro	11.000 €
Mancomunidade Terras de Navea Bibei	10.000 €
Mancomunidade de municipios Santa Águeda	9.000 €
Mancomunidade do Baixo Miño	7.000 €
Mancomunidade de municipios Arousa Norte	7.000 €
Mancomunidade turística dos municipios do Carballiño, Ribadavia, Boborás e Leiro	5.000 €
Total	134.950 €

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2009.

José Norberto Uzal Tresandí
Director xeral de Administración Local

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 15 de maio de 2009 pola que se modifica a autorización do centro privado de educación especial Santísimo Cristo del Amor, do concello do Porriño (Pontevedra).

Examinado o expediente iniciado polo centro privado de educación especial Santísimo Cristo del Amor, do concello do Porriño, no que solicita a ampliación dunha unidade de pluridefi cientes e a transformación dunha unidade de psíquicos nunha unidade de pluridefi cientes.

Resultando que o centro conta, segundo a Orde do 2 de maio de 2007, con autorización para cinco unidades de educación especial (dúas de psíquicos, dúas de pluridefi cientes e unha de autistas).

Tendo en conta que o expediente foi tramitado polo Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra, quen o remite cos informes correspondentes.

Vistos o Real decreto 334/1985, do 6 de marzo, de ordenación da educación especial; o Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais; o Decreto 133/1995, do 10 de maio, sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias e a Orde do 20 de setembro de 1995, que o desenvolve.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar a ampliación dunha unidade de pluridefi cientes e a transformación dunha unidade de psíquicos nunha de pluridefi cientes no centro privado de educación especial Santísimo Cristo del Amor, do concello do Porriño; a súa composición resultante queda como se reflicte no anexo desta orde.

Segundo.-Para a súa posta en funcionamento o departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra, logo do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que imparta docencia na unidade que se amplía.

Terceiro.-Este centro queda obrigado ao cumprimento da lexislación vixente e a solicitar a oportuna revisión cando teña que modifi carse calquera dos datos que sinala esta orde.

Esta orde, que esgota a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso

contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Provincia: Pontevedra.
Concello: O Porriño.
Localidade: O Porriño.
Enderezo: Torneiros-A Ribeira, polígono III, 24 A-B.
Denominación xenérica: centro privado de educación especial.
Denominación específica: Santísimo Cristo del Amor.
Titular: *Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor*.
Código do centro: 36017031.
Nivel: educación especial.
Unidades de que constaba: cinco.
Unidades novas autorizadas: unha de plurideficientes.
Composición resultante:
-Catro unidades de plurideficientes.
-Unha unidade de psíquicos.
-Unha unidade de autistas.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Resolución do 29 de abril de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, *do convenio colectivo da empresa* Begano, S.A.

Visto o texto do convenio colectivo de ámbito autonómico da empresa *Begano S.A.* (código de convenio: 8200222), que se subscribiu con data do 18 de decembro de 2008, dunha parte a dirección da empresa en representación desta, e doutra, polas centrais sindicais CC.OO., UGT e CTI, en representación do colectivo laboral afectado, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

Esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do referido convenio colectivo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral, con notificación á comisión negociadora.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2009.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

Capítulo I
Ámbito, vixencia, duración e dereito supletorio

Artigo 1º.-*Ámbito persoal, funcional e territorial*.

Este convenio colectivo regulará todas as relacións sociolaborais establecidas entre *Begano, S.A.* e os seus traballadores, entendéndose como tales a totalidade do cadro de persoal que a empresa ten distribuído nos seus distintos centros de traballo en toda a Comunidade Autónoma de Galicia e que poida estar actualmente traballando ou que se incorpore durante a vixencia do convenio.

Quedan excluídos do ámbito deste convenio e suxeitos ao seu propio estatuto particular os directores, os xefes de área, de departamento, de sección e os delegados da dirección xeral.

Artigo 2º.-*Vixencia.*

Este convenio colectivo asínase por un período de 3 anos, contado desde o 1 de xaneiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2010, sen prexuízo da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Os efectos económicos de acordo coa práctica habitual retrotraeranse ata o 1 de xaneiro de 2008, con independencia da data do acordo.

Artigo 3º.-*Denuncia, prórroga e dereito transitorio*.

Chegado o final da vixencia do convenio este quedará denunciado automaticamente sen necesidade de denuncia expresa das partes.

Calquera das partes asinantes poderá, para efectos informativos, facer constar desde ese momento a finalización a través das canles legais.

Extinguido o convenio, as partes comprométense a, nun prazo máximo de dous meses desde a finalización, presentar as súas propostas de renovación e iniciar un novo proceso negociador.

Durante o período transitorio que media entre a finalización do convenio anterior e a aprobación do novo texto estarán vixentes todas as cláusulas normativas, perdendo só vigor as cláusulas obrigacionais.

Artigo 4º.-*Dereito supletorio.*

En todo aquilo que non estea regulado neste convenio e sen prexuízo dos mínimos de dereito necesario que concorran, resultará de aplicación, especial-